



RE

# Manual de usuario

abalarPro



XUNTA  
DE GALICIA



## Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	4
2. Presentación do sistema.....	5
2.1. Requisitos de hardware e software.....	5
2.2. Perfiles de usuario.....	5
3. FUNCIONALIDADES DO SISTEMA.....	6
3.1. Rexistro de usuario, PIN e pegada dixital.....	6
3.2. Perfil.....	8
3.3. Menú lateral.....	9
3.4. Mensaxería.....	10
3.5. Configuración.....	18

## 1. INTRODUCCIÓN

O presente documento ten como finalidade amosar o funcionamento da aplicación móbil **abalarPro**. O destinatario será o profesorado dos centros educativos da comunidade autónoma de Galicia e pretende proporcionar unha visión xeral do funcionamento da aplicación.



## 2. Presentación do sistema

A Xunta de Galicia, coa finalidade de **achegar unha ferramenta de xestión e información útil e áxil** pon á disposición do profesorado galego a aplicación **abalarPro**.

**Trátase dunha aplicación móbil para os sistemas operativos iOS e Android.**

### 2.1 Requisitos de hardware e software

Os requisitos para o correcto funcionamento da aplicación son:

- Dispoñer dun dispositivo Android con versión 4.1 ou superior ou dun dispositivo iOS con versión 11 ou superior.
- Conexión a internet.
- Usuario e contrasinal de acceso.

### 2.2. Perfís de usuario

Código/Nome	Descrición
Usuario rexistrado	Acceso a toda a información proporcionada na aplicación.

### 3. FUNCIONALIDADES DO SISTEMA

A continuación preséntanse cada unha das seccións da aplicación así como as principais funcionalidades:

#### 3.1 Rexistro de usuario, PIN e pegada dixital

Unha vez descargada a **aplicación abalarPro**, o primeiro paso será **introducir as credenciais corporativas** e activar as políticas de privacidade, que se poden ler antes premendo na **ligazón**.


Tamén podemos configurar o **PIN** de maneira instantánea.





Unha vez se accede, na seguinte pantalla é necesario **introducir e confirmar o PIN**.


Nos seguintes accesos pódese utilizar a **pegada dixital** sempre e cando se teña **configurada** no teléfono.



## 3.2 Perfil

A primeira das pantallas que se amosan é a de **perfil do/a docente**, desde a cal se pode ver o nome de usuario, o correo electrónico, e a listaxe de centros do/a profesor/a.


Tamén se terá acceso ao menú lateral de opcións premendo o botón situado na parte superior esquerda.



### 3.3 Menú lateral

Desde o menú lateral pódese acceder ás diferentes zonas da aplicación:

- Perfil
- Mensaxería
- Configuración






**Acceso á  
configuración**



### 3.4 Mensaxería

Desde o apartado de **Mensaxería** pódese acceder á listaxe de chats e tamén se pode crear novos chats con outros participantes.

Dependendo do tipo de chat amosaranse diferentes iconas:

-  • **Chat privado:** con un único destinatario
-  • **Chat de difusión:** permite enviar mensaxes a varios destinatarios a modo informativo
-  • **Chat grupal/sala:** conversación onde poden participar varios destinatarios




Ao entrar nun chat amosaranse os seguintes detalles:

**Conversación**, desde onde se pode comunicar cos participantes enviando **mensaxes**, **ligazóns**, **imaxes**, ademais de ter acceso á **configuración** do chat.

As mensaxes enviadas polo profesorado saíran con **fondo azul**, mentres que as recibidas polos demais participantes amosaranse con **fondo gris**.

O **límite de caracteres** dunha mensaxe será de **1000**, e iranse descontando visualmente, mediante un **contador** preto da zona de escritura, segundo se vaia escribindo.




Na configuración do chat poderase:

- **Eliminar** o chat
- Admitir ou non **admitir respostas**
- Ver os **grupos** participantes
- Ver a listaxe de **participantes que aceptaron** a invitación
- Ver a listaxe de **participantes pendentes** de aceptar a invitación

**Borrar o chat**

**Listaxe de grupos participantes**




**Admitir resposta ou denegar resposta**

**Usuarios activos**

**Usuarios pendentes**


Cando se procede a crear un novo chat amosarase a seguinte pantalla na que se pode configurar a opción para que o chat admita resposta ou non, e tamén se pode poñer un título ao chat que describa de forma moi breve o tema da conversación.

**Tema da  
conversación**




**Configuración  
de resposta**

Na seguinte pantalla amósase como elixir o tipo de chat que se pode crear: **Difusión, Sala,** ou **Privado.**




Ao escoller crear unha mensaxe de **Difusión** ou **Sala** deberánse seleccionar os grupos participantes.

### DIFUSIÓN





### SALA




Ao escoller crear un chat **Privado** primeiro hai que localizar o **grupo** ao que pertence o usuario co cal queremos abrir unha conversación privada.

Unha vez elixido o grupo pódese ver a **listaxe de usuarios** do mesmo e poderase escoller aos usuarios. Crearanse tantos chats privados como usuarios se seleccionen neste paso.



O último paso é común aos tres tipos de chat, onde se deberá introducir unha mensaxe inicial coa que se abrirá o chat e finalmente premer en **Enviar**.






### 3.5 Configuración

A pantalla de configuración permite:

- Axustar o **idioma** da aplicación entre Galego e Español.
- Amosar o **texto legal**
- Amosar **información** da aplicación
- **Modificar o PIN** de acceso
- **Configurar o PIN** de acceso
- **Pechar sesión**

**Pechar a sesión**




A **información sobre a aplicación** amosa a **versión** da app e a do sistema operativo do dispositivo.

Ademais disto terase acceso directo ao **aviso legal e política de privacidade** e á información de **contacto** mediante as correspondentes ligazóns.



A pantalla de **cambio de PIN** permite modificar o código de acceso. Débese introducir o **PIN actual** e seguidamente o **PIN novo**, e automaticamente o PIN será cambiado



O PIN solicítase sempre que se activa a aplicación, ben sexa porque se abre por primeira vez ou ben sexa porque estaba en segundo plano.


Na pantalla de **configuración do PIN** pódese modificar o intervalo de tempo que deberá transcorrer desde a última vez que se introduciu o PIN ata que se volva a solicitar.

Os posibles valores son:

- Cada **15 minutos**
- Cada **30 minutos**
- Cada **60 minutos**
- **Sempre**

Así mesmo tamén se poderá activar nesta pantalla a opción de **autenticación mediante os sensores biométricos** do dispositivo, polo cal **non sería preciso introducir o PIN** de maneira manual.

Activar ou desactivar a autenticación biométrica



Intervalo de tempo